

CRITERIOS DE SELECCIÓN DO ALUMNADO PARA A MOBILIDADE ERASMUS + A PONTA DELGADA - AÇORES (PORTUGAL)

De acordo co establecido no proxecto “KA122-SCH Seguimos aprendendo” de mobilidade de 10 estudantes do IES A. Cotarelo Valledor a Portugal, os criterios de selección do alumnado son os seguintes:

1. Por razóns de máximo aproveitamento da actividade que se vai desenvolver, terá preferencia o alumnado que cursa a materia de **Portugués 1ª lingua estranxeira en 1º de Bacharelato** e a continuación o alumnado que cursa a materia de **Portugués 2ª lingua estranxeira** no mesmo nivel de **1º de Bacharelato** debido a que este é o último ano en que este alumnado poderá acceder a realizar unha mobilidade escolar e porque a práctica da lingua portuguesa é un aliciente deste proxecto educativo. Despois, terá preferencia o alumnado de **3º ESO** que cursa a materia de **Portugués 2ª lingua estranxeira** e a continuación o alumnado de **2º ESO** que cursa a materia de **Portugués 2ª lingua estranxeira**. Finalmente, será o resto do alumnado do centro o que poderá solicitar participar nesta mobilidade.
2. Dentro deste alumnado, o proxecto reserva 5 prazas para aquel que teña menos oportunidades, polo que se puntuará:

Alumnado con menos oportunidades, até 5 puntos:

- a) Por discapacidades físicas: 1 punto.
 - Certificado de discapacidade emitido por autoridade competente igual ou superior ao 33%.
 - Ter unha solicitude aberta para o recoñecemento da discapacidade con informes médicos, psicolóxicos, psiquiátricos ou de entidades sociais.
- b) Por problemas de saúde: 1 punto.
 - Certificación de situación de saúde física que xere a necesidade de apoio adicional: informe médico expedido por centro de saúde/especialista ou a autoridade sanitaria competente.
 - Certificación de situación de saúde mental que xere a necesidade de apoio adicional: Informe de saúde mental. Informe médico expedido por centro de saúde/especialista ou autoridade sanitaria competente.
- c) Por obstáculos vinculados aos sistemas de educación e formación (dificultades educativas e formativas): 1 punto
 - Informe do equipo de Orientación en centros educativos ou autoridades e orientación educativa e psicopedagóxica das delegacións de educación.
- d) Por diferenzas culturais: 1 punto
 - Resolución de condición de persoa refuxiada.
 - Certificado de servizos sociais de pertenza a outra etnia.
 - Informe do Departamento de Orientación do centro de ensino.

- e) Por obstáculos sociais xeográficos: 1 punto
- Matrícula do centro e certificado de empadramento cando se participe desde institucións educativas non presenciais situadas en territorios distintos á da residencia.
- f) Por obstáculos vinculados á discriminación: 1 punto.
- Certificado de administración competente
 - Informe do Departamento de Orientación xustificando este obstáculo, por exemplo, por acoso escolar.
- g) Por obstáculos socioeconómicos: alumnado con baixos recursos económicos, para o que se terá en conta os seguintes datos: até 2,5 puntos.

Baremación (cálculo renda per cápita da unidade familiar):

Alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €.	2,5
Alumnado con renda per cápita familiar superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 €.	1,5
Alumnado con renda per cápita familiar superior a 10.000 €.	0

Calculo da renda per cápita: (IRPF do exercicio 2024):

Para un cálculo preciso súmanse as casas 435 e 460 da declaración do IRPF 2024, este resultado divídese entre os membros da unidade familiar (pai, nai, fillos/as conviventes menores de 25 anos):

$$\frac{435 + 460}{\text{Nº de membros da unidade familiar}} = \text{Renda per } \underline{\text{cápita}}$$

Os datos persoais achegados nesta solicitude de baremación serán tratados coa única e exclusiva finalidade de xestionar, avaliar e tramitar o presente proceso de selección, conforme aos principios establecidos no Regulamento Xeral de Protección de Datos (RXPd) e a Lei Orgánica de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD). Os datos serán custodiados baixo as medidas de seguridade técnicas e organizativas necesarias para garantir a súa confidencialidade, integridade e dispoñibilidade, e non serán cedidos a terceiros, salvo obrigaación legal. A persoa interesada pode exercer en calquera momento os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, portabilidade e oposición ante o director do centro.

3. Exposición oral na lingua que van usar na mobilidade (Portugués) explicando por que debe participar na actividade e as razóns polas que quere ir, até 5 puntos.

Criterios de corrección:

- a) Claridade expositiva, corrección na expresión e tempo de exposición: até 2 puntos.
- b) Claridade argumentativa: até 3 puntos.

RÚBRICA EXPOSICIÓN ORAL

Claridade expositiva		
Até 0,75	Até 1,50	Até 2
A persoa que expón: -Non pronuncia con claridade ou non utiliza o ton e ritmo adecuados. -Utiliza expresións incorrectas gramaticalmente e/ou impropias da lingua formal. -Non se axusta ao tempo dado para a exposición.	A persoa que expón: -Pronuncia con claridade, utilizando o ton e ritmo adecuados. -Utiliza expresións correctas gramaticalmente e propias da lingua formal case sempre. -Axústase ao tempo dado para a exposición aproximadamente.	A persoa que expón: -Pronuncia con total claridade, utilizando o ton e ritmo adecuados. -Utiliza expresións correctas gramaticalmente e propias da lingua formal. -Axústase perfectamente ao tempo dado para a exposición.

Claridade argumentativa		
Até 1	Até 2	Até 3
A persoa que expón: -Non presenta de modo ordenado e claro os distintos argumentos. -Os argumentos non son pertinentes e reflicten unha falta de reflexión previa.	A persoa que expón: -Presenta de modo relativamente ordenado e claro os distintos argumentos. -Os argumentos son parcialmente pertinentes e reflicten un certo traballo de reflexión previo.	A persoa que expón: -Presenta de modo ordenado e claro os distintos argumentos. -Os argumentos son pertinentes e reflicten un traballo de reflexión previo.